



## 1.- OBXECTIVO

Regular o desenvolvemento da avaliación na Educación Secundaria Obrigatoria.

## 2.- ALCANCE

Este protocolo é de aplicación para todo o profesorado e alumnado de ESO.

Base legal: Orde do 21 de decembro de 2007 pola que se regula a avaliación na educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia.

## 3.- REALIZACIÓN

### a) Carácter da avaliación:

1. Será continua, terá carácter formativo e orientativo e será diferenciada segundo as distintas materias do currículo.
2. Levarase a cabo tendo en conta os diferentes elementos que constitúen o currículo: Competencias básicas, Obxectivos, Contidos, Criterios de avaliación, A concreción que fagan os centros no seu proxecto educativo

### b) Resultados da avaliación:

1. Termos: Insuficiente (1-4), suficiente (5), ben (6), notable (7-8) e sobresaliente (9-10)

### c) Desenvolvemento do proceso de avaliación:

1. Os profesores transmitirán ós seus alumnos os criterios de avaliación e os procedementos para realizala (concretados por ciclo ou departamento)
  - (1) Os departamentos deciden as porcentaxes de cualificación de : traballos escritos, exposicións, fichas, probas escritas, participación na clase, presentación...
  - (2) Cando un alumno teña faltas de asistencia perderá o seu dereito á avaliación continua
    - (a) Se se incorpora á metade da avaliación non será cualificado
      - (i) O profesor deixa a nota en branco e pon unha observación da 749 á 755 segundo a causa
      - (ii) No boletín aparecerá "Non cualificado" e a observación "Por enfermidade non foi cualificado" (por exemplo)
    - (b) Se falta por un período prolongado (25%) precisará xustificante médico.
    - (c) Recuperación da avaliación perdida
      - (i) No mes de xuño, o alumno deberá presentar por escrito, de puño e letra, todo o traballo realizado na aula e en casa (tarefas) correspondente ó período do que se lle avalía.
      - (ii) A criterio do profesor e nunha data do mes de xuño o alumno deberá realizar un exame escrito (na semana da avaliación final)
2. Avaliación inicial

Cada profesor levará a cabo na súa materia unha avaliación diagnóstico.

Como punto de partida para adoptar medidas de apoio, reforzo e recuperación e analizar o nivel académico individual e grupal.

O Centro disporá de probas elaboradas polos distintos Departamentos para os alumnos recen chegados ó colexio.

### 3. Sesións de avaliación

- (1) Convocadas e presididas polo xefe de estudos da etapa, manténdemos as seguintes sesións de avaliación
  - (a) Primeira (final do primeiro trimestre)
  - (b) Segunda (final do segundo trimestre)
  - (c) Sesión de maio: Nesta sesión avaliaranse aos alumnos con materias pendentes de cursos anteriores. Nas programacións curriculares o profesor de cada área elaborará o programa de recuperación de ditas materias pendentes, asímesmo nalgúns materias, a consecución dos obxectivos de cursos anteriores. Do resultado distas avaliacións levantarse acta e os resultados trasladaranse a todos



Colexio Marista "A Inmaculada"  
Lugo

**PROXECTO EDUCATIVO**  
**ASPECTOS CURRICULARES XERAIS:**  
**CRITERIOS XERAIS SOBRE A**  
**AVALIACIÓN DO ALUMNADO**

2/2

DATA: 27/05/09

REVISIÓN: 00

os documentos oficiais. Cada profesor informa dos resultados aos seus alumnos. No boletín da 3ª avaliación quedarán recollidos os resultados.

- (d) Final: A última semana lectiva de xuño levaranse a cabo recuperacións de avaliacións pendentes nas seguintes materias: Bioloxía e Xeoloxía, Ciencias da Natureza, Ciencias sociais, Educación para a Cidadanía, Ética, Cultura clásica, Relixión, Música e Física e Química
- (e) Sesión de setembro tralas probas extraordinarias.
- (f) Cando un alumno non se presente ás probas extraordinarias:
  - (i) O profesor deixará en branco a nota e elixirá a observación 754.
  - (ii) No boletín aparecerá a cualificación "non presentado" e a observación "Por non presentarse ao exame non se lle cualifica"
  - (iii) Nas actas figurará NP

- (2) Cada sesión será realizada polo profesorado que imparte docencia no grupo con presenza dun membro do equipo de orientación e dirixida polo profesor tutor.
- (3) Valorarase o grao de desenvolvemento de competencias básicas, obxectivos previstos e medidas adoptadas.
- (4) Farase seguimento da recuperación das materias pendentes
- (5) Cada profesor tutor levanta acta da reunión e das decisións tomadas (modelo que xa temos)
- (6) Antes ou despois da sesión de avaliación, realizarase unha sesión de tutoría para analizar o proceso cos alumnos e propor medidas de mellora. Incluirase no PAT programando os contidos da mesma como as outras sesións.

4. Procedemento

- (1) Cada profesor introduce as cualificacións e demais observacións antes da sesión de avaliación no sistema de Vía Educativa.
- (2) O xefe de estudos recolle os datos e elabora unha actilla grupal
- (3) O tutor analiza dita información e prepara a xunta de avaliación
- (4) Cada familia recibe por escrito e a través de Vía educativa a seguinte información de cada área:
  - (a) Cualificación de contidos nos termos legais
  - (b) Actitude
  - (c) Observacións
  - (d) Asistencia e puntualidade
- 5. Medidas de atención á diversidade: en calquera momento do curso.
- 6. A cualificación de cada unha das materias será decidida polo profesor que as imparta.
- 7. O proxecto interdisciplinar estará presente na información ao alumnado e ás súas familias e figurará no informe de avaliación final.
- 8. Avaliación do alumnado con necesidade específica de apoio educativo: os alumnos con adaptación curricular significativa. A avaliación e promoción tomará como referencia os obxectivos e os criterios de avaliación fixados nas adaptacións curriculares.
- 9. Avaliación de diagnóstico: ao finalizar o segundo curso da educación secundaria obrigatoria

**d) Documentos oficiais de avaliación**

- 1. Actas de avaliación: elaboradas en secretaría e asinadas polos profesores. Custodiadas na secretaría.
- 2. Expediente académico (custodiado na secretaría)
- 3. Historial académico (custodiado na secretaría)
- 4. Informe persoal por traslado: elaborado e asinado pola persoa titora
- 5. Informe individualizado: realizado por todo o profesorado en Vía Educativa